



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	DRAMATURXIA
DISCIPLINA	DRAMATURXIA II
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e dramaturxia
CURSO	2º (2º semestre)
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia.
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra Arrojo
DOCENTES	Nome e apelidos: Afonso Becerra Arrojo Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/qlg/profesorado.php?id=2&tit=Titorias Despacho: Dpto. de Dirección escénica e dramaturxia. Contacto: afonsobecerra@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Análise do texto dramático desde a perspectiva de xénero. Coñecemento e análise das diversas técnicas de escrita aplicadas en todos os xéneros e medios. Revisión e actualización dos clásicos. Análise e documentación para a adaptación dos clásicos de cara á súa escenificación.
CONECAMENTOS PREVIOS	DRAMATURXIA I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Ampliar os conceptos funcionais da dramaturxia.	T2. T13. X7. X8. ED2. ED5.
2. Profundar na análise e composición da trama de acción, as configuracións espazo-temporais, o ritmo e os personaxes.	T1. T2. T3. T6. T7. T13. T17. X5. X8 ED1. ED3. ED5.
3. Adestrarse na interpretación de contextos espazo-temporais afastados e na análise dos clásicos galegos e universais.	T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X7. X8. ED1. ED2.



4. Definir e sistematizar procesos de estudo, investigación e documentación arredor dun texto clásico de cara á súa adaptación.	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X7. X8. ED3. ED5. ED6.
5. Definir e sistematizar procesos de intervención dramática no ámbito do texto clásico de cara á súa actualización.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED5.
6. Coñecer as estratexias posibles para a adaptación e as repercusións no sentido respecto ao texto orixinal.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED5.
7. Coñecer as figuras retóricas dos grandes xéneros (drama, comedia, traxedia) na análise e produción dramática.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED5.
8. Resolver os problemas derivados de calquera traspaso no proceso de adaptación, dunha época a outra, dunha cultura a outra, dun xénero ou estilo a outro, etc.	T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. ED2. ED5.
9. Desenvolver a reescrita dun texto clásico de cara a un proxecto de escenificación concreto.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X5. X7. X8. ED1. ED2.
10. Detectar os problemas e desfases dunha dramaturxia entre o que se pretende e o que se consegue suscitar na recepción. Formular as solucións pertinentes que permitan acadar o sentido e os efectos previstos.	T2. T3. T6. T7. T13. T17. X3. X5. ED5.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Os xéneros. Drama. Comedia. Traxedia. Farsa.	1.1. A categoría dos actos mostrados 1.2. Os efectos sobre a recepción. 1.3. As estruturas argumentais e os contidos. 1.4. Os temas. 1.5. Os conflitos 1.6. As situacións 1.7. O tipo de personaxes. Concepción e construción. 1.8. O discurso dos personaxes. 1.9. A espacialidade e a temporalidade. 1.10. Os tratamentos actorais ou estilos interpretativos. Os tratamentos espaciais e escenográficos.	5
2. A adaptación.	1.1. Definición e historia da adaptación. 1.2. Adaptación e posta en escena. 1.3. Operacións adaptadoras.	½ h.
3. O concepto de "clásico".	2.1. Definición e exemplos. 2.2. Contextualización e actualidade. 2.3. Dificultades e aproximación.	½ h.
4. Fontes documentais arredor da obra clásica.	3.1. Documentación relativa ao contexto literario. 3.2. Documentación relativa ao contexto histórico, social e ideolóxico. 3.3. Documentación relativa ao contexto artístico e teatral. 3.4. Documentación relativa aos modelos operantes. 3.5. Traducións e versións. 3.6. Documentos audiovisuais.	1
5. A autoría e o contexto histórico. Información e documentación.	4.1. Obras sobre o/a autor/a. 4.2. Obras e ensaios sobre o texto escollido. 4.3. Cotexo de edicións.	1
6. Documentación relativa ao proxecto de dramaturxia.	5.1. Documentos gráficos, pictóricos, literarios, musicais, ensaísticos, etc. 5.2. Materiais audiovisuais.	1
7. Análise e despece do texto clásico. <i>Historia</i> e <i>discurso</i> ou <i>trama</i> . Estrutura.	6.1. Análise da historia e da trama ou discurso. 6.2. Análise temática. 6.3. Análise da(s) trama(s). 6.4. Secuenciación e estrutura. Análise dos cambios.	5
8. Análise da acción.	7.1. Tipoloxía ou modelo de acción. 7.2. Compoñentes. 7.3. Función.	2
9. Análise dos personaxes.	8.1. Tipoloxía e caracterización. 8.2. Función. 8.3. Discurso dos personaxes.	2
10. Análise das configuracións espazo-temporais.	9.1. Concepción espacial. Tipoloxía e niveis de significación. Función. 9.2. Concepción temporal. Tipoloxía e niveis de significación. Función.	1
11. Análise do ritmo.	10.1. Análise da tensión rítmica intrínseca aos materiais compositivos. 10.2. Análise da tensión rítmica segundo a proporcionalidade e a disposición ou relación dos materiais compositivos.	2

	10.3. Análise da partitura rítmica de creación / mantemento / resolución de expectativas.	
12. Análise estilística.	11.1. O ton da obra. O punto de vista. 11.2. O xénero. 11.3. A poética. Estilemas característicos.	1
13. Operación adaptadora.	12.1. Definición da operación adaptadora a aplicar. 12.2. Plano xeral e decisións básicas nos diferentes niveis da obra. 12.3. Reconvenionalización e contexto.	1
14. Actualización e recomposición segundo un xénero, un estilo e un punto de vista determinado.	13.1. Procedementos de recomposición e transposición segundo un sentido e un xénero ou estilo determinados. A voz e o punto de vista. 13.2. Selección dos materiais orixinais. 13.3. Secuenciación, xerarquización sobre os materiais orixinais escollidos. 13.4. Disposición e ordenación.	2
15. Intervencións e manipulacións dramaturxicas.	14.1. Eliminación de elementos compositivos. 14.2. Substitución de elementos compositivos. 14.3. Inclusión de elementos compositivos. 14.4. Amplificación de elementos compositivos.	2
16. Reescrita dunha obra clásica en función dunha opción espectacular determinada.	15.1. A distancia estilística entre o texto orixinal e a súa adaptación. 15.2. As decisións dramaturxicas que orientan o proceso de reescrita en función dun proxecto de escenificación. 15.3. A reescrita.	4
TOTAL SESIÓNS		30 de 2 h.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias			
Exposición maxistral	4	10	14
Exposición práctico-teórica	10	20	30
Práctica individual	15	90	105
Práctica colectiva	15	10	25
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais	3		3
Titorías de grupo	3		3
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión			

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición, análise e debate arredor dos xéneros e as súas figuras retóricas.	Exposición teórica arredor das categorías do cómico, do dramático e do trágico. Os xéneros e a súa incidencia na categoría dos actos mostrados; os efectos sobre a recepción; as estruturas argumentais e os contidos; os temas; os conflitos; as situacións; o tipo de personaxes na súa concepción e construción; o discurso dos personaxes; a espacialidade e a temporalidade; os tratamentos actorais ou estilos interpretativos e os tratamentos espaciais e escenográficos. Análise de fragmentos ensaísticos sobre cuestións referentes aos xéneros. Análise de fragmentos de pezas teatrais. Visualización e análise de dramaturxias escénicas.
Exposición introductoria sobre o concepto e as operacións de adaptación. Exercicios de análise de exemplos prácticos.	Definir o concepto e as operacións dramaturxicas de adaptación teatral, o grao de fidelidade e de distancia respecto ao material orixinal de partida, desde a adaptación á versión libre. Estudar os procesos de transposición, transcodificación e reconvenionalización. Analizar exemplos de adaptacións relevantes no panorama da dramaturxia universal e observar os cambios e intervencións acometidas respecto aos materiais obxecto desas adaptacións.
Exposición sobre o concepto de "obra clásica", o canon e o repertorio. Exercicios de análise con exemplos prácticos.	Definir e estudar o concepto de "obra clásica" e as súas repercusións sociais, culturais e artísticas. Que determina que unha obra é un clásico? Cal é a súa utilidade? Onde radican as dificultades principais na abordaxe dunha obra clásica de cara á dramaturxia e a un proxecto de escenificación?
Investigación e documentación necesaria para facer unha dramaturxia a partir dunha obra clásica. Exercicios, en equipo, de documentación sobre un texto clásico determinado.	Exercicio de busca de fontes e selección de información útil para clarificar aspectos determinantes dunha obra clásica de cara á súa adaptación e actualización. Investigación sobre o/a autor/a, a súa vida e obra, o seu estilo, o contexto histórico, político, social, cultural, artístico, teatral. Buscar documentación ensaística arredor da obra que ilumine aspectos importantes de cara á súa adaptación. Buscar documentación sobre outras adaptacións,

	versións e traducións, espectáculos, filmes, documentais, programas de man, críticas, crónicas xornalísticas, deseños escenográficos, figurinos, fotos, etc.
Análise do texto clásico.	Exercicio de despepe do texto clásico: trama de acción, personaxes, configuracións espazo-temporais, ritmo, análise do discurso, análise dos temas, o xénero, o estilo e o punto de vista.
Procedementos de adaptación e actualización dun texto clásico, segundo un xénero e estilo determinados. Exercicios de aplicación práctica.	Exercicio de planificación e proxecto de recomposición dos elementos seleccionados do orixinal. Planificación da disposición, da estrutura, do xénero e estilo que mellor conveñen ao sentido que se persegue acadar.
Realización e reescrita dun texto clásico de cara a un proxecto de escenificación.	Exercicio de reescrita final, desenvolvendo a planificación e o proxecto de recomposición anterior, orientada segundo o xénero e estilo e de cara a unha escenificación determinada.

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
7.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Seguimento diario	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X7. X8. ED1. ED2. ED5.	10%
Exercicios, en equipo, de investigación e documentación (exposición e análise en clase máis a presentación en soporte impreso, dixital e/ou audiovisual)	T1. T2. T3. T4. T8. T13. T17. X3. X7. X8. ED5.	10%
Exercicios, individuais e de equipo, de análise (exposición e análise, na aula, das diversas fases de realización máis a presentación final en soporte impreso)	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X7. X8. ED1. ED2. ED5.	30%
Exercicios, individuais, de composición e reescrita (exposición e análise, na aula, das diversas fases de realización máis a presentación final en soporte impreso)	T1. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1.	50%
7.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos coñecementos e procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T2. T3. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED5.	100%
7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos coñecementos e procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T2. T3. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED5.	100%

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS
<p>Referencias básicas</p> <p>Aristóteles: (2007): <i>Poética</i>, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña.</p> <p>Becerra de Becerreá, Afonso (2007): <i>Dramaturxia. Teoría e practica</i>, Vigo, Galaxia.</p> <p>Medina Vicario, Miguel (2000): <i>Los géneros dramáticos</i>. Madrid, Fundamentos.</p> <p>Meyer, Michel (2003): <i>Le comique et le tragique</i>. Paris, PUF.</p> <p>Referencias complementarias</p> <p>Bergson, Henry (1996): <i>Introducción a la metafísica. La risa</i>. México, Editorial Porrúa, S. A.</p> <p>Cardullo, Bert (Ed.) (2003): <i>Leccións de dramaturxia</i>, Vigo, Galaxia.</p> <p>F. de la Vega, Celestino (1983): <i>O segredo do humor</i>. Vigo, Galaxia.</p> <p>Lessing, Gotthold Ephraim (1993): <i>Dramaturgia de Hamburgo</i>, Madrid, ADE.</p> <p>Luckhurst, Mary (2008): <i>La palabra que empieza por D. Dramaturgia, dramaturgismo y asesoría literaria en el teatro desde el siglo XVIII</i>, Madrid, Fundamentos.</p> <p>Mauron, Charles (1998) [1964]: <i>Psicocrítica del género cómico</i>. Madrid, Arco.</p> <p>Melendres, Jaume (2000): <i>La dirección de los actores. Diccionario mínimo</i>, Madrid, ADE.</p> <p>Melendres, Jaume (2006): <i>La teoría dramática. Un viaje a través del pensamiento teatral</i>. Barcelona, Institut del Teatre.</p> <p>Szondi, Peter (2003): <i>Essai sur le tragique</i>. Paris, Circé.</p>



9. OBSERVACIÓNS

Esta guía pode ser sometida a variacións en función de acordos tomados entre as partes.